



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FISTERRA

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza de protección contra a contaminación acústica do Concello de Fisterra

EXPEDIENTE: 2023/G014/000001

O pleno da corporación, na sesión ordinaria que celebrou o pasado 3/08/2023, acordou a aprobación inicial da modificación da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do concello de Fisterra.

Publicáronse anuncios de exposición pública no taboleiro de edictos da casa do Concello, no portal web do concello e no BOP número 152 de 10/09/2023, sen que contra a mesma se presentara ningunha reclamación.

Ao non se ter presentado reclamacións durante o prazo de exposición pública, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do concello de Fisterra, co seguinte texto integro, que se fai publico, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra a aprobación definitiva da Ordenanza de protección contra a contaminación acústica do concello de Fisterra, poderá interporse recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo de A Coruña ou a súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a dereito.

ORDENANZA DE PROTECION CONTRA A CONTAMINACION ACUSTICA DO CONCELLO DE FISTERRA

Artigo 14. Comportamentos cidadáns

3. Comportamento nocturno.

Entre as 10 da noite e as 8 da mañá queda prohibido:

- a) Cantar, usar instrumentos musicais ou semellantes, gritar ou vociferar.
- b) Realizar reparacións domésticas ou traballos que produzan molestias, agás autorización expresa.
- c) Realizar traballos de bricolaxe cando os ruídos ou vibracións superen os niveis permitidos.
- d) Utilizar aparatos domésticos si emiten un nivel de ruído superior ao permitido nesta disposición.

Fisterra, 27 de setembro de 2023

A Alcaldesa

Asdo. Áurea Domínguez Sisto

2023/7724